



Lugo Cultural está formado pola USC, Concello de Lugo, Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia e Fundación Caixa Galicia xestionado pola Vicerreitoría de Cultura da USC

Hoxe presenta unha novo edición de ***Músicas a carón da Mosqueira***, ciclo no que atoparemos concertos tan interesantes e novidosos como o *Dúo de Reis de piano e órgano*, ou combinacións de *arpa con canto e narración*, pasando polo *Cuarteto Qvixote de corda*, ou o encontro do *piano con voz, trombón ou violonchelo*

A inauguración correrá a cargo da **pianista Laura Bolzoni e a soprano Sandra Ferró as 18:00 horas no Círculo das Artes o día 3 de novembro**

Os concertos terán lugar na sede de Fundación Caixa Galicia e no Salón Rexio do Círculo das Artes os **primeiros luns de mes** (agás no período de nadal e semana santa que serán os 2º luns de mes)

Todos serán as **20:30 horas, agás o de inauguración e clausura**

O día 9 de maio clausurarase cun concerto de luxo ao aire libre na Praza de Santa María.

Músicas a carón da Mosqueira complementa o programa musical de Lugo Cultural:

***Lubicán:*** Cuartos xoves de mes. Música de grupos Galegos

***Entre Lusco e Fusco:*** Recuperación de espazos escénicos. Parque Rosalía de Castro. De xullo a setembro

***Música experimental:*** En maio

Consulta a páxina web: [www.lugocultural.es](http://www.lugocultural.es)

**3 novembro / Soprano e piano / Sandra Ferró e Laura Bolzoni / Círculo das Artes**

**1 de decembro / Trombón e piano / Santi Novoa e Ramón López / Círculo das Artes**

**12 de xaneiro / Violonchelo e piano / Fernando Arias e M. A. Ortega / Fundación Caixa Galicia**

**2 de febreiro / Corda / Cuarteto Qvixote / Fundación Caixa Galicia**

**2 de marzo / Arpa / José Antonio Domené / Fundación Caixa Galicia**

**13 de abril / Miniaturas mediaviais lais anónimos bretóns e de María de Francia: Arpa, canto e narración / Fundación Caixa Galicia**

**4 de maio / Dúo de reis: Piano e órgano / María Teresa Sierra e Raúl Prieto / Círculo das Artes**

**9 de maio 20:00 horas Concerto de clausura do ciclo. Praza de Santa María**

## 3 de novembro

**Soprano e piano** / Sandra Ferró e Laura Bolzoni  
Círculo das Artes, 18:00 h

### **SANDRA FERRÓ** (*soprano*)

Nace en Castelló en 1983. Obtén o 1º Premio Extraordinario de Grao Medio de Canto no Conservatorio Profesional, Valencia en 2004.

Termina os seus estudos na Escuela Superior de Canto de Madrid coas máximas cualificacións en xuño de 2008.

Gana o IV Premio Hispánica para Jóvenes Intérpretes Líricos en setembro de 2008.

Gana o segundo premio no Concurso Permanente de Jóvenes Intérpretes de Juventudes Musicales en novembro de 2007. Gana a única bolsa Yamaha de Canto de toda España en marzo de 2007.

Gana unha das bolsas de Canto “Doña Montserrat Caballé-Don Bernabé Martí”, da Fundación Ibercaja, en 2004.

Recibe leccións maxistras de Teresa Berganza, Montserrat Caballé, Miguel Zanetti, Ana Luísa Chova, Alejandro Zabala...

Interpreta a ópera de W. A. Mozart *Bastían e Bastiana* en teatros de toda a provincia de Valencia e traballa xunto a Fernando Argenta, de TVE, protagonizando a súa adaptación da devandita obra para os máis pequenos.

Interpreta na Escuela Superior de Canto de Madrid *Luisa Fernanda* de F. Moreno Torroba (Duquesa Carolina) e *Don Giovanni* de W. A. Mozart (Zerlina).

Colabora con don Juan Antonio Álvarez Parejo no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.

Actualmente, perfecciona técnica de canto e repertorio vocal coa catedrática Aída Monasterio.

***LAURA BOLZONI, piano***

Pianista italoarxentina nacida na cidade de Santa Fe, é profesora de Solfexo e Piano con cualificación sobresaliente. Continúa a súa formación musical no Instituto Superior de Música da Universidad Nacional del Litoral (Arxentina), baixo a guía da profesora Amalia Creus, obtendo as titulacións superiores de Profesora de Música e Piano. Tamén realiza paralelamente estudos de composición e dirección de orquestra.

Na súa intensa actividade como solista e camarista ofreceu numerosos concertos en Arxentina, Uruguai, Brasil e España, realizando actuacións para entidades culturais importantes como o Ayuntamiento de Castellón, Sociedad Coral el Micalet e o Institut Musical Giner de Valencia, Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música, Caja Duero, Castillo-Palacio Magalia, Festival de Música “Ciutat de D’Albaida”, na Arxentina actuou como solista no Museo Manuel de Falla de Alta Gracia, Universidad nacional del Litoral, Instituto Superior de Música de Santa Fe, Instituto Argentino Germano (Delegación Goethe), Ministerio de Educación arxentino, Dirección de Cultura de Santo Tomé y Santa Fe, Concepción del Uruguay, Colón, Foz de Iguazú, entre outros. Na súa actividade camarística foi partícipe en formacións das cales destaca con clarinete, fagot e oboé interpretando tanto repertorio clásico como contemporáneo. Durante os anos 1994 a 1996 é integrante e fundadora do quinteto con ventos “Santa Fe” co cal realiza varias presentacións na Arxentina e en Uruguai. Dentro do repertorio figura o quinteto para ventos e piano K 425 de Mozart e o quinteto de ventos e piano de Beethoven.

É fundadora e presidenta da asociación cultural “Círculo del Nuevo Arte Europeo Americano”, con sede na cidade de Ávila.

Desde o ano 2004 é profesora de piano e linguaxe musical na Escuela Municipal de Música de Robledo de Chavela (Madrid).

**I**

**J. Brahms** (1833-1897)

Wir wandelten

**C. Debussy** (1862-1918)

Regret

**V. Bellini** (1801-1835)

*La Sonnambula*

Ah non credea mirarti (Aria de Amina)

**G. Verdi** (1813-1901)

*Un Ballo in Maschera*

Saper vorreste (Aria de Oscar)

**G. Puccini** (1858-1924)

*Gianni Schichi*

O mio bambino caro (Aria de Lauretta)

**G. Puccini** (1858-1924)

*La Boheme*

Quando m'en vo (Aria de Musetta)

**II**

**E. Granados** (1867-1916)

*Canciones Amatorias*

Mañanica era

**F. Mompou** (1893-1987)

*Dos Poemas*

Pastoral

**A. García Abril** (1933)

*Canciones de Valldemosa*

A pie van mis suspiros.

No por amor, no por tristeza

**M. Penella** (1880-1939)

*Las Musas Latinas*

Canta tú, Ruisenñor (Canción de la Musa)

**A. Vives** (1871-1932)

*Bohemios*

La niña de ojos azules. (Romanza de Cossette)

## 1 de decembro

**Trombón e piano** / Santi Novoa e Ramón López  
Círculo das Artes 20:30 h

### **SANTIAGO NOVOA ILLÉS, trombón**

Nado en Oviedo, en xaneiro de 1992. Comeza os seus estudos á idade de 7 anos no Conservatorio Julián Orbón de Avilés co profesor Marcos Malnero. Desde o ano 2003 asiste a clases en Bilbao co profesor Daniel Perpiñán. En 2008 inicia o Grao Superior no Conservatorio E. M. Torner de Oviedo.

**Realiza cursos de perfeccionamento cos profesores:** Joseph Alessi, Christian Lindberg, Stefan Schulz, Andreas Klein, I. Roos, Baltasar Perelló, Daniel Perpiñán, Andras Fejer, Mel Cuberson, Peter Sullivan, Ricardo Casero, Indalecio Bonet, Olaf Ott, Ximo Vicedo, Joan Real, Salvador Tarrasó, Ben van Dijk, Jorgen van Rijen.

Primeiro premio, na modalidade de vento metal, no Concurso “Joaquín Maya” 2004, de Pamplona; tamén no I Concurso Nacional de Jóvenes Intérpretes “Ciudad de Liria” 2005, onde obtivo a invitación extraordinaria, pola súa calidade artística, do xurado, para o Concerto de Clausura do devandito certame o día 18 de xuño de 2005.

Primeiro premio do IV Certamen Intercentros -fase autonómica- 2005 en Oviedo.

Premio especial “Viento Metal” no IV Certamen Intercentros -fase final- en Madrid 2005.

Primeiro premio no X Concurso Nacional “Ciudad de Xátiva” 2006.

Primeiro premio na 67 edición “Concurso Permanente Juventudes Musicales” 2007.

(Con 15 anos é o ganador máis novo de todas as modalidades na historia do concurso).

Actuou como solista en CMAE en Avilés 2004.

Concerto solista acompañado pola Orquesta Sinfónica de Asturias (OSPA) no Auditorio “Príncipe Felipe” de Oviedo en xuño de 2006, interpretando *Concertino* de F. David.

Concerto solista na XXVI Semana Internacional de Música de Cambra de Montserrat (Valencia) en xullo de 2006.

Concerto solista acompañado pola Orquesta Ciudad de Almería (OCAL) no auditorio de Almería, baixo a dirección de Pablo González, en novembro de 2006, interpretando *Concertino* de F. David.

Concerto solista na UDK de Berlín (Alemaña), interpretando *Sonata* de Sulek.

Xira de Conciertos de Juventudes Musicales polas Illas Baleares do 16 ao 23 de abril de 2008.

Concerto solista na Fundación Botín de Santander o 5 de maio de 2008.

Concerto solista en Avilés e Piedras Blancas (Asturias) acompañado pola orquesta Sabugo Filarmonía interpretando *Concertino* de L. E. Larsson, en maio de 2008.

Do 13 ao 21 de outubro de 2007, recibe clases individuais do Maestro Joseph Alessi en Nova York, por invitación propia deste, asistindo á súa vez, ás clases de sección de trombón impartidas por Alessi en The Juilliard School.

## **RAMÓN LÓPEZ CASANUEVA, piano**

Comenza os estudos de piano no conservatorio de Bilbao. Finaliza o grao superior en Madrid con Almudena Cano. Posteriormente, realiza dous anos de posgraduado na Guildhall School of Music de Londres co profesor Peter Bithell. Foi alumno activo nos cursos de verán de Santander impartidos por Emile Naoumoff e en Niza con Pascal Rogè. Colaborou co Orfeón Vasco de Madrid na representación en versión concerto de *El caserío* de Guridi. Foi pianista acompañante nos conservatorios medio e superior de Murcia. Segundo premio no concurso nacional de música de cámara Salzillo de Alcantarilla na categoría profesional. Ocasionalmente colaborou coa Orquesta Sinfónica de la Región de Murcia e a Orquesta e Coro de la Universidad Complutense de Madrid. Traballa no terreo da música experimental co grupo Oyaxtrés.

### **PROGRAMA**

I	
Sonata en La menor Marcello	Benedetto
Romance	Axel Jorgensen
Sonata "Vox Gabrieli"	Stjepan Sulek

II	
Cavatina	Camille Saint-Saëns
Concertino	Erik Larsson

## 12 de xaneiro

**Violonchelo e piano** / Fernando Arias e M. A. Ortega  
Fundación Caixa Galicia 20:30 h

**Fernando Arias**, Madrid, España, 1987. Iniciou os seus estudos musicais na Academia CEDAM e no Conservatorio de Ferraz en Madrid e continuou a súa formación co profesor Ángel Luis Quintana ata 2002.

Recibiu leccións maxistras dos profesores Tomasz Strahl, David Cole, Richard Aaron, Oleg Kogan e Frans Helmerson.

Desde o curso 2002-2003 é alumno da *Escuela Superior de Música Reina Sofía*, na Cátedra de Violonchelo Sony da profesora Natalia Shakhovskaya, titular da devandita cátedra. Goza da bolsa de matrícula da *Consejería de Educación de la Comunidad de Madrid* e a *Asociación de Intérpretes o Ejecutantes* e bolsa de instrumento da Fundación Albéniz.

Como alumno desta *Escuela* é membro da *Orquesta de Cámara Siemens*, dirixida polos mestres Antoni Ros Marbà, José Luis García Asensio, Miguel Ángel Gómez Martínez, Rudolf Barshai, Juanjo Mena, Péter Csaba e Max Valdés. Participou en clases maxistras con Philippe Müller, Walter Levin, Veronika Hagen, Miklós Perényi, Ivan Monighetti, Antonio Meneses, Ralf Gothoni y Peter Frankl. Participou no *Encuentro de Música* e Academia de Santander 2005, onde tivo a oportunidade de tocar con Vladimir Ashkenazy.

En 2001 ganou o primeiro premio no VII Concurso Nacional de Violonchelo e no *II Certamen Musical Intercentros Hazen*, ao mellor grupo instrumental na categoría de grao medio; un ano máis tarde, obtivo o gran premio no *Concurso Diputación de Toledo ao Mejor Instrumentista de Cuerda*. En novembro de 2006 foi galardoado co *I Premio del Concurso Permanente de Juventudes Musicales de España* e, nese mesmo ano, obtivo o Segundo Premio no *Concurso Internacional de Violonchelo de Liezen* (Austria). En outubro de 2007 ganou o primeiro premio no concurso “Primer Palau” (*Palau de la Música Catalana*, Barcelona).



**Miguel Ángel Ortega Chavaldas**, nado nas Palmas de Gran Canaria, estuda con Almudena Cano e obtén matrícula de honra e Diploma de Primera Clase ao rematar o Título Superior de Piano e matrícula de honra co Premio Extraordinario de Fin de Carreira, en Música de Cámara.

Amplia os seus estudos con Katalin Nemes, Marta Gulyas, György Kurtág e András Mihály. Así mesmo recibiu asesoramento musical de Darío de Rosa, Rafael Orozco, Bruno L. Gelber, Cristina Bruno e Ferenc Rados.

Desde o curso 2000-2001 é profesor pianista acompañante da Cátedra de Violonchelo Sony na *Escuela Superior de Música Reina Sofía*, xunto á profesora Natalia Shakhovskaya, titular da devandita cátedra, aínda que o seu vencellamento con esta *Escuela* iniciouse no curso 1992-1993. Foi pianista acompañante de mestres como Natalia Gutman, Mihail Kohmitzer, Ivan Monighetti, Kim Scholes, Bernard Greenhouse, Lluís Claret, David Geringas, Frans Helmerson, Janos Starker, Philippe Müller e Miklos Perenyi. Destacan ademais as súas actuacións nas embaixadas españolas de Vietnam e Tanzania, así como concertos no Auditorio Nacional de Música de Madrid e gravacións de CD para Sony e para Radio Clásica de RNE.

É o primeiro premio no *Concurso de Piano “Pedro Espinosa”* de Gáldar e segundo premio do *Concurso de Música de Cámara “Leo Weiner”* de Budapest e é invitado por institucións como a JONDE, Fundación Juan March e os Cursos de Especialización Musical da Universidad de Alcalá de Henares (Madrid). En 1992, representou a España gravando un programa de radio no Certame de la UER.

Actuou en Holanda, Polonia, Tunisia, Tanzania, Vietnam, Bélxica, Hungría, Italia, Alemaña, Portugal, Bélxica, Luxemburgo e Estados Unidos; e nas principais salas de concertos españolas. Realizou gravacións para TVE, a Radiotelevisión Nacional Húngara, o Canal NHK da Televisión Xaponesa e Sony, España.

Imparte cursos de Interpretación Pianística e Música de Cámara, sendo profesor habitual na Escuela de Verano de Lucena e director do Curso Santa María del Paular en Rascafría (Madrid). É catedrático de Piano no Conservatorio Superior de Zaragoza.

**Johann Sebastian Bach**  
(1685 –1750)

Da Suite núm. 6 para violonchelo en re maior,  
BWV 1012  
*I. Preludio*  
*II. Allemande*  
*VI. Gigue*  
(10 min)

**Gaspar Cassadó**  
(1897-1966)

Requiebros

(5 min)

**Robert Schumann**  
(1810 - 1856)

Adagio e allegro para violonchelo e piano

(9 min)

**Igor Stravinski**  
(1882-1972)

Suite italiana  
*I. Introduzione*  
*II. Serenata*  
*III. Aria*  
*IV Tarantella*  
*V. Menuetto – Finale*

## 2 de febreiro

**Corda** / Cuarteto Qvixote  
Fundación Caixa Galicia 20:30 h

O Quartet Qvixote nace no ano 2006 co ánimo de explorar o marabilloso repertorio para cuarteto de corda. Os seus membros reencontráronse despois dun longo período de estudos en centros de prestixio internacional (Academia Rubin de Xerusalén, Conservatorium van Amsterdam e Hochschule für Musik und Theater Zürich ) para desenvolver un traballo serio e ao mesmo tempo enriquecedor a nivel humano e espiritual. O obxectivo deste rigoroso traballo é poder ofrecelo máis tarde ao público en forma de concerto ou espectáculo. Os membros do cuarteto queren dar a coñecer o repertorio para esta formación tan especial no seu país e fóra das súas fronteiras.

No seu inicio (verán de 2006) foron invitados polo Cuarteto Casals a participar nas Academias de Música de Cámara de Capellades (Barcelona) e Xirona. Xunto con outras cinco formacións profundizaron nos cuartetos de corda de W. A. Mozart (K.V. 421) dedicados a Haydn. O verán seguinte repetiron a experiencia cos cuartetos op. 33 de Haydn no Festival Cameralia en Santiago de Compostela. Desde entón continuaron recibindo consellos dos membros do Cuarteto Casals e de músicos de recoñecido prestixio como Kennedy Moretti, Johannes Degen, Roel Dieltiens e G. Kurtág.

Foron galardoados co segundo premio no concurso de Música de Cámara “Ciutat de Vinarós” (novembro de 2006) e “Ciudad de Lucena” (decembro de 2007) e o primeiro premio no XV Concurso Internacional de Música de Cámara Josep Mirabent i Magrans que tivo lugar en Sitges (xuño de 2007).

Actuaron en Cataluña, Comunidade Valenciana, Andalucía, Estremadura, Castela-A Mancha, Comunidade de Madrid, País Vasco, Galicia e Asturias en xiras organizadas por Juventudes Musicales de España.

A primavera pasada realizaron unha xira por Andalucía interpretando *–As sete últimas palabras de Cristo na cruz*, de J. Haydn (durante a Semana Santa) e participaron no “I Festival Iberoamericano España-Venezuela” que tivo lugar en Caracas, onde tiveron a oportunidade de colaborar coa Orquesta Juvenil de Venezuela “Simón Bolívar”.

Recentemente foron admitidos en ECMA (European Chamber Music Academy) para continuar a súa formación cuartetística con músicos de recoñecido prestixio como Johannes Meissl (Cuarteto Artis) e Hatto Beyerle.

**Daniel Cubero Monclús** empeza os seus estudos de violín no Conservatori Professional de Badalona co profesor Ricardo Martínez. Continúa os estudos de grao superior no Conservatorio Superior de Música de Salamanca con Isabel Vilà onde ten a oportunidade de traballar con músicos como Arnau Tomàs, Lutz Kohler, David Strange, Lorand Fenyves... No ano 2001 continúa os seus estudos en Xerusalén co mestre Hagai Shaham, ata o 2006. Foi concertino da JOSC aleví e da JONC (Jove Orquestra Nacional de Catalunya). Foi premiado nos concursos de Manresa, Castellterçol e Vila-seca i Salou. Colaborou con orquestras profesionais como a Sinfónica de Castilla y León, Sinfónica de Navarra, Israel Kibbutz Orchestra, Sinfónica de Beer-Sheva, etc. Membro fundador do Quartet Qvixote.

**Maria Sanz Ablanedo** comeza os seus estudos de violín en Zaragoza con Slawomir e Javier Gallego. Continúa os estudos en Madrid con Farid Fasla e máis tarde no Conservatorio Superior de Música de Salamanca con Isabel Vilà onde obtén o Premio Fin de Carrera e o Título Superior de Música de Cámara. Nos últimos anos realizou un posgrao na Academia Rubin de Xerusalén co profesor Hagai Shaham. Foi membro de varios grupos de cámara. No 2005 ganou o primeiro premio no Concurso de Música de Cámara da Academia Rubin. Traballou con directores como Lutz Kohler, Daniel Barenboim e Cliff Colnot. Recibiu masterclasses dos violinistas Andras Czifra, Ruggiero Ricci e Lorand Fenyves. Membro fundador do Quartet Qvixote.

**Anna Aldomà Caus** empeza os estudos de viola no Conservatori Municipal de Música de Cervera con Ulrike Jansen, Florian Munteanu e Paul Cortese con quen seguiu estudando na Escola de Música Juan Pedro Carrero de Barcelona. O ano 2001 obtén o Título Superior de Viola en Barcelona. Entre o 2002 e o 2006 estudou no Conservatorium van Amsterdam con Michael Gieler, onde realizou o diploma de superiores e o de Master. No mesmo centro impartiu clases de viola barroca con Lucy van Dael. Foi membro da JONC (1997 - 2000), JONDE (2000 - 2001), EUYO (2001 - 2002) e GMJO (2002 - 2005) e colaborou coa Orquestra Pablo Sarasate de Pamplona, a Orquestra Sinfónica de Tenerife, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Ensemble Zefiro e o Ensemble Modern en varias ocasións. Membro fundador do Quartet Qvixote.

**Amat Santacana Gómez** empeza a estudar violonchelo en Barcelona con Suzanna Stefanovic e Peter Thiemann. Os estudos superiores realízaos en Salamanca cos profesores de violonchelo Iagoba Fanlo e Aldo Mata. O superior de música de cámara obtén baixo a guía de Arnau Tomàs, Alberto Rosado e Kennedy Moretti. Máis tarde trasládase a Viena onde recibe clases de Wolfgang Herzer e Howard Penny. Actualmente está terminando un posgrao de violonchelo moderno e barroco en Zürich con Roel Dieltiens. Foi membro da JONC e a JONDE, así como de varios grupos de cámara cos que obtivo o Premio Paper de Música de Capellades, o primeiro accésit ao premio no concurso “El Primer Palau”. Tamén foi premiado no Concurso de violonchelo Florian de O’Campo de Zamora e no Nick-Preis en Zürich. Membro fundador do Quartet Qvixote.

Cuarteto op. 20 núm. 2    **F. J. Haydn**

- Moderato
- Adagio cantabile
- Menuetto. Allegretto
- Fuga a 4 soggetti

Cinco interludios para cuarteto de corda - **Benet Casablancas**

Quasi Variazioni

- Con moto
- Moderato
- Andante
- Poco allegro
- Piu mosso

Benet Casablancas

Cuarteto núm. 1 - **L. Janáček**

- Adagio. Con moto
- Con moto
- Con moto. Vivo. Andante
- Con moto (Adagio) Piu mosso

(Duración aprox.: 45 m)

## 2 de marzo

**Arpa** / José Antonio Domené  
Fundación Caixa Galicia 20:30 h

José Antonio Domené, nado en Alberca de las Torres (Murcia), foi ganador de dous primeiros premios do Concurso de Arpa “Arpa Plus” e do premio especial “Victor Salvi” nas edicións de 2001 e 2002. En febreiro de 2004 ganou por unanimidade o primeiro premio do Concurso Internacional da UFAM, en Aix-en-Provence, coas felicitacións do xurado, e, en 2006, outro primeiro premio en Courbevoie (París).

Realizou os seus estudos profesionales no Conservatorio Profesional de Música de Murcia, finalizándoos co Premio Extraordinario “Fin de Grado Medio”. Posteriormente, ingresou no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, na cátedra de Dña. María Rosa Calvo-Manzano, coa que finalizou os seus estudos superiores de Arpa e Pedagogía de Arpa en 2008, ganando todas as probas extraordinarias nas modalidades de solista, música de cámara e recital. Actualmente realiza estudos de posgrao no Royal College of Music de Londres baixo a dirección do arpista Ieuan Jones.

Foille outorgada a mención honorífica no “I Concurso Nacional Intercentros”, organizado por Yamaha/Hazen, a asociación Ataulfo Argenta e o Ministerio de Cultura. En novembro de 2007 obtivo o segundo premio do concurso permanente de Juventudes Musicales de España, quedando o primeiro deserto. Concedéuselle, recentemente, o premio da Fundación Miguel Ángel Colmenero.

En 2002 obtivo a praza de Arpista Titular da OJRM (Orquesta de Jóvenes de la Región de Murcia), que ocupou ata o ano 2007. Colaborou con importantes orquestras nacionais como a Orquesta Sinfónica de Castilla y León, a Orquesta de la Comunidad de Madrid, a Orquesta Sinfónica de la Región de Murcia, así como coa Orquesta Sinfónica Ciudad de Elche, coa que colabora activamente en concertos de frauta e arpa, xunto co frautista Mariano Bas.

De entre as orquestras internacionais coas que participou destacan: a Orquesta da Ópera de Brasov (Rumanía), a Orquesta Filharmónica Eslovaca (República Eslovaca), a Orquesta Estatal de San Petersburgo (Rusia), a Orquesta de Cámara de Kishinev (Moldavia), a Orquesta Sinfónica de Massachussets (EE UU), e a Orquesta Filharmónica de Turinxia (Alemaña), dirixidas por Adrian Sunshine, Alfonso Saura, Pedro Hallfer, Terje Mikkelsen o Vladimir Valek.

Publicou o libro El arpa en la Antigua Grecia, baixo o patrocinio da Asociación Arpista Ludovico (ARLU) e a Fundación María Rosa Calvo-Manzano (FMRCM). Ofreceu numerosos recitais e concertos como solista, así como con distintas formacións camerísticas, sendo gravados algúns deles por TVE e Radio Clásica de RNE.

**E. Parish Alvars (1808-1849)**

Romance en fa maior

**F. Godefroid (1818-1897)**

A arpa eólica

**G. Pierné (1863-1937)**

Impromptu-capricho

**J. Guridi (1886-1961)**

Vello zortzico

~

**G. Gombau (1906-1971)**

Apuntamento bético

**B. Britten (1913-1974)**

Suite para arpa, opus 83:

*Obertura / Tocata / Nocturno /*

*Fuga / Himno (San Denio)*

**M. Martínez (1960)**

Suite para arpa “Ecos murcianos”:

*Nana / Fandango / Seguidillas /*

*Canto / Manchegas*

13 de abril

**Miniaturas mediaviais lais anónimos bretóns e de María de Francia: Arpa, canto e narración**

Fundación Caixa Galicia 20:30 h

**Da vida de María de Francia** pouco se sabe. Pertencente, polo que parece, a unha familia terrateniente normanda viviu na corte do rei Enrique II de Inglaterra ao que adicou boa parte dos seus escritos por ser o seu “valiente e cortés” mecenas. Muller culta, muller de castelos e señoríos, adicou grande parte da súa enerxía ao estudo e á escritura. Comprende tres linguas distintas (bretón, inglés e latín), escribe versos octosílabos en francés e de cando en vez fai referencia a autores da antigüedad clásica e deixa traslucir o influxo de obras contemporáneas. Entre 1160 e 1215 traduce do latín, e cecais do inglés, para pracer e instrucción do rei e das mulleres e homes do seu círculo. Pero pronto imponse o reto de escribir: decide componse *lais*, en lugar de facer traducións, porque éstos requiren dunha maior habilidade.

Nun principio a palabra *lai* designaba unhas composicións musicais que os bretóns tocaban coa arpa ou a rota en recordo dun suceso destacable. Máis tarde, por extensión, acabou facendo referencia ás narracións breves de tema bretón, nas que o elemento maravilloso e os rasgos cortesés tiñan un lugar destacado.

**Os *Lais* de María de Francia** caracterízanse por ser episodios breves ambientados en Bretaña que ofrecen a instantánea dun acontecemento, no que se trenza una urdime de emocións. O amor, un amor trágico e burlesco a un tempo, secreto, imposible, cheo de dificultades e obstáculos, constitúe o tema central destas estampas medievais no que o tratamento dos personaxes e as súas situacións destacan pola súa imaxinación e orixinalidade. Nos seus relatos entremézclanse os motivos maravillosos e esquemas argumentais do conto folclórico, coa materia de Bretaña que Chrétien de Troyes, contemporáneo de María de Francia, trataba nas súas novelas.

Ademáis, o marco que abre e pecha cada *lai* fai referencia á figura dela, a autora, como testigo da existencia desos *lais* musicais que lle serviron de inspiración á hora de elaborar o relato:

“Sobre este conto que escoitades compúxose o lai de Guigemar, que se toca en arpa e rota; a súa música é boa para escoitar”.

A influencia das obras de María de Francia, sobre todo dos *Lais*, as máis coñecidas, exténdese ata máis aló do s. XIV. Existen copias manuscritas en inglés antigo, alemán antigo, francés, italiano e noruego antigo. Tal variedade nunha época anterior á imprenta, testemuña a popularidade das súas obras.



**A montaxe** é precisamente a conxunción das dúas expresións que caracterizan aos *Lais*: a musical e a maravillosa. A través da narración dunha serie de miniaturas lexendarias, baseadas nos contos de María de Francia e en *Lais* anónimos bretóns, acompañadas pola melodía dunha arpa medieval, recrease o universo fabuloso, histórico e cortesano do s. XII, unha época na que a palabra escrita só tiña sentido como complemento do oral.

O relato vaise trezando a partir dunha trama principal, seguindo o modelo proposto por Sheherezade en *As Mil e Unha Noites*: en Bretaña, una raiña concibe un fillo froito dun sono que ten nun xardín. O neno, chamado Tydorel posee un rasgo extraordinario, unha particularidade capaz de convocar aos catro mellores contistas de Bretaña que nunha única noite, antes do mencer, terán que cumprir o desexo de Tydorel baixo pena de perder a lingua...

**Manuel Vilas** comeza os seus estudos musicais no conservatorio de Santiago de Compostela, onde obtén o título de profesor superior de solfeo, teoría da música, transposición e acompañamento. Interesado polo mundo da música antiga comeza a estudar “arpa de dúas ordes” e baixo continuo coa arpista Nuria Llopis. Posteriormente recibe unha beca para estudar “Arpa doppia” en Milán. Na súa actividade profesional colaborou con numerosos grupos internacionais, realiza conciertos como solista con programas centrados na música renacentista e barroca española e americana para arpa e ten participado en numerosos festivais de música antiga. Forma parte do grupo “Malandança”, especializado en repertorio medieval, no que utiliza unha arpa reproducida sobre unha iconografía en pedra do século XII que é a mesma que emprega no espectáculo *Miniaturas Medievales*.

**Charo Pita** é actriz, cantante e contadora de historias tanto na escrita como na oralidade. Estudou filoloxía hispánica teatro e canto con mestres como Mercedes Díaz-Chópite e Laura Alonso. Forma parte do grupo *Malandança* no que participa tanto na faceta de cantante como na de narradora.

Ámbolos dous uníronse para crear *Miniaturas Medievales*, un espectáculo no que se combinan a música e as historias co fin de recrear o universo fabuloso, histórico e cortesán do século XII francés e que se ten representado con éxito na sala de Cajastur en Oviedo, na Almunia, na Casa de Galicia en Madrid e en diversas localidades galegas.

1. Chanson “*D’ amoureux cuer voel canter*”  
( Adam de L’ Halle c1230-c1288)

2. Lai de Tyorel  
(anónimo bretón finais XII- principios XIII)  
Danza  
( anónimo francés do século XIII)  
Chanson “*Chanterai por mon coraige*”  
(versión instrumental. Guiot de Dijon. Século XII)

3. Motete “*J’os bien à m’amie parler*”  
( Adam de L’ Halle)  
Lai do ruiseñor  
( María de Francia. Século XII)  
**Chanson “*Cuidoient li losengier*”**  
(versión instrumental. Guillebert de Berneville. Século XIII)

4. Lai do probecillo  
(Maria de Francia)  
Danza “*Assés de teus lors i avoir*”  
(D’ernoul de Gastinois. Século XIII)

5. Lai de Melion  
(anónimo bretón - Maria de Francia)  
Pastourelle “*Au temps pascor*”  
(Jehans Erars. Século XIII)  
Motete “*psalat chorus*”  
(Versión instrumental. Franco de Cologne. Século XIII)

6. Lai de Guingamor  
(anónimo bretón)  
La quinte estampie real  
(anónimo francés. Século XIII)  
Chanson “*Ja nus hons pris*”  
( Ricardo corazón de León. 1157-1199)

7. Lai de Tyorel. Fin

## 4 de maio

### Dúo de reis: Piano e órgano

María Teresa Sierra e Raúl Prieto

Círculo das Artes 20:30 h

**M<sup>a</sup> Teresa Sierra & Raúl Prieto, *dous valores en alza do país*** (Diari Avui), xúntanse en 2007 coa finalidade de ofrecer ao público a oportunidade de ver e escoitar xuntos por primeira vez neste país aos dous instrumentos rei: O PIANO e O ÓRGANO. O seu repertorio abarca obras desde o clasicismo ata o século XXI conseguindo con isto concentrar en moi pouco espazo unha sorprendente posta en escena como se dunha orquestra se tratara.

Desde o mesmo momento da súa formación despertaron un enorme interese actuando en grandes salas como o Auditorio Nacional de Madrid (sala sinfónica), Auditorio de Barcelona, Auditorio Pau Casals, centro cultural Conde Duque de Madrid, así como en grandes festivais como o Festival Internacional de Segovia ou o Festival Internacional de piano de Barcelona.

#### *Primeira Parte*

**Charles M. Widor** – Dúo I e II para piano e órgano  
(1844-1937)

**Denis Bédard** - Duet Suite para piano e órgano  
(1950-)

**Jean Langlais** – Díptico para piano e órgano  
(1907-1991)

#### *Segunda Parte*

**Vladimir Horowitz** - Variacións sobre un tema de Carmen de Bizet  
(arr. para piano e órgano: Raúl Prieto)

**Marcel Dupré** – Variacións sobre dous temas  
(1886-1971) Op. 35 para piano e órgano

#### **George Gershwin**

Rapsodia in Blue (arr. para piano e órgano: Raúl Prieto)

9 de maio

**Concerto de clausura do ciclo**

Praza de Santa María, 20:00 h